

# PROFESORADO DE RELIXIÓN



*O Sindicato do Ensino Público*



# PROFESORADO DE RELIXIÓN



## REQUISITOS PARA IMPARTIR DOCENCIA DE RELIXIÓN NOS NIVEIS DE E. INFANTIL, E. PRIMARIA, E NOS NIVEIS DE E. SECUNDARIA E BACHARELATO

### REQUISITO COMÚN PARA TODOS OS NIVEIS DE ENSINO E CONFESIÓNS RELIXIOSAS

- Acreditar o coñecemento de lingua galega. Certificado de coñecemento de lingua galega (Celga 4), ou da súa validación polo órgano competente; do curso de perfeccionamento en lingua galega ou a súa validación polo órgano competente; o título de licenciatura en filoloxía galego-portuguesa, o certificado do nivel avanzado da EOI ou o certificado de ter superado o curso de especialización en lingua galega.

### RELIXIÓN EVANXÉLICA.

#### E. INFANTIL e E. PRIMARIA.

1º Ter sido proposto pola autoridade da confesión relixiosa para impartir este ensino nos niveis educativos de infantil e primaria mediante a autorización de idoneidade da congregación ou igrexa local onde a persoa candidata estea adscrita e máis o certificado emitido polo Consello Evanxélico de Galicia ou calquera entidade dependente da Federación de Entidades relixiosas Evanxélicas de España.

2º Posuír algunha das titulacións que se indican a continuación: título de doutoramento, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente, graduado ou diplomado, arquitectura técnica, enxeñaría técnica ou equivalentes.

3º Posuír o Máster ou Posgrado propio en formación do profesorado, para a docencia de Relixión Evanxélica (estes cursos pódense realizar unha vez que entren nas listas).

#### E. SECUNDARIA E BACHARELATO.

1º Ter sido proposto pola autoridade da confesión relixiosa para impartir este ensino nos niveis educativos de infantil e primaria mediante a autori-

zación de idoneidade da congregación ou igrexa local onde a persoa candidata estea adscrita e máis o certificado emitido polo Consello Evanxélico de Galicia ou calquera entidade dependente da Federación de Entidades relixiosas Evanxélicas de España.

2º Posuír algunha das titulacións que se indican a continuación: título de doutoramento, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente, graduado, arquitectura técnica, enxeñaría técnica ou equivalentes.

3º Posuír o Máster ou Posgrado propio en formación do profesorado, para a docencia de Relixión Evanxélica (estes cursos pódense realizar unha vez que entren nas listas).




### RELIXIÓN CATÓLICA

#### E. INFANTIL e E. PRIMARIA

1º Ter sido proposto pola autoridade da confesión relixiosa para impartir este ensino, a misio canónica e ter obtido a declaración eclesiástica de idoneidade (DEI), expedida pola Conferencia Episcopal Española.

2º Para impartir docencia neste nivel educativo hai que posuír o título de doutoramento,

licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente, graduado ou diplomado, arquitectura técnica, enxeñaría técnica ou equivalentes.



## E. SECUNDARIA E BACHARELATO

1º Ter sido proposto pola autoridade da confesión relixiosa para impartir este ensino (a misio canónica) e ter obtido a Declaración Eclesiástica de Capacitación Académica (DECA), expedida pola Conferencia Episcopal Española.

2º Para impartir docencia neste nivel educativo hai que posuír o título de doutoramento, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente, ou de grao.

## QUE É A DECA E CALES SON OS REQUISITOS PARA OBTELA.

A DECA (Declaración eclesiástica de competencia académica) acredita a capacitación académica, e é o título que capacita para ser profesor/a de Relixión Católica. Esta titulación eclesiástica expídease a Conferencia Episcopal Española para a Educación e a Cultura.

## REQUISITOS PARA OBTEN A DECA

1. Impreso de solicitude debidamente cuberto.
2. Fotocopia do DNI-NIE ou pasaporte.
3. Declaración responsable debidamente cuberta e asinada.

4. Copia do xustificante do pago das taxas da CEE para a DECA.

5. Remitir a documentación en papel, por correo postal ou mensaxería á Conferencia Episcopal Española, departamento DECA, C/ Añastro, 1, 28033 Madrid.

## E. INFANTIL e E. PRIMARIA

6. Fotocopia do Título de Maxisterio ou Grao equivalente ou xustificante de pago das taxas do Título.


7. Fotocopia da certificación académica dos 24 ECTS das materias de Teoloxía Católica e a súa pedagogía correspondentes ás asignaturas da DECA de Infantil e Primaria.

## E. SECUNDARIA E BACHARELATO

6. Fotocopia do título eclesiástico (*Baccalaureatus in Theologia* ou *Diplomado/Baccalaureatus in Scientiis Religiosis; Licenciatus in Theologia* ou *Licenciatus in Scientiis Religiosis; Doctor in Theologia*).

7. Fotocopia do Título Civil universitario.

8. Fotocopia da certificación académica dos 18 ETCS das materias de Pedagogía e Didáctica da Ensinanza Relixiosa Escolar correspondentes ás asignaturas da DECA de Secundaria e Bacharelato.



## ACORDO DO PERSOAL INTERINO E SUBSTITUTO DE RELIXIÓN

### PRIMEIRO

A adxudicación dun destino provisional a unha persoa suporá o seu decaemento nas restantes solicitudes.


### SEGUNDO

As persoas que figuren en máis dunha lista, mentres estean prestando servizos nalgunha delas, non poderán ser chamadas por ningunha outra.

### TERCEIRO. PRAZAS DE ACEPTACIÓN VOLUNTARIA

- Prazas Itinerantes.
- Prazas de xornada reducida

### CUARTO. CHAMAMENTOS



- Para atender ao coidado dun fillo menor de seis anos, tanto cando o sexa por natureza ou por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.

- Para atender ao coidado dun familiar que se teña ao seu cargo, ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade (excepcionalmente ata o segundo grao de consanguinidade) que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

- Por enfermidade grave do propio docente.
- Por ter concedida unha bolsa de estudos.
- Por ser vítima de violencia de xénero.
- Por ampliación de estudos
- Por outro contrato de traballo (poderá renunciar por un período máximo e improrrogable de tres cursos académicos, que non terán que ser necesariamente consecutivos), sempre que o contrato non sexa indefinido ou autónomo.

Esta decisión deberá adoptarse ou comunicarse no prazo de solicitude de praza ou, en todo caso, no prazo de reclamacións á adxudicación provisional de destinos para o curso académico que proceda, agás que teña a súa orixe nunha causa sobrevida con posterioridade ou chamamento por primeira vez.

2. Restricción de provincia ou zona. A opción deberá efectuarse no prazo comprendido entre os días 15 de xullo ao 16 de agosto do ano correspondente. Esta opción será por todo o curso académico.

### QUINTO. RENUNCIAS

1. O persoal docente interino e substituto terá dereito a non aceptar as interinidades ou substitucións que se lle ofrezan, sen perder o número de orde da lista correspondente, por un período mínimo dun curso académico ou polo que reste de curso académico, desde a súa solicitude, polas seguintes causas:

### SEXTO. CAUSAS DE PERDA DO DEREITO Á PERMANENCIA NAS LISTAS DE CHAMAMENTOS

- Non aceptar unha praza de interinidade ou substitución, agás que exista unha das causas xustificadas.
- Non tomar posesión da praza adxudicada no día lectivo inmediatamente seguinte ao do nomeamento, agás causa xustificada.
- Falta de capacidade para o desempeño do posto.



# PROFESORADO DE RELIXIÓN



## ACORDO SOBRE AS CONDICIÓN S DE TRABALLO DO PROFESORADO ITINERANTE

### 1. O B X E C T O E Á M B I T O D E A P L I C A C I Ó N .

O profesorado itinerante é aquel que desempeña postos de traballo que implican desprazamentos habituais dende un centro base ata outro ou outros centros públicos en distintas localidades.

### 2. H O R A R I O S .

Na elaboración dos horarios deste profesorado terase en conta a seguinte compensación horaria lectiva semanal:

- Ata 50 km: 2 horas.
- Desde 51 Km ata 100 Km: 3 horas.
- Desde 101 Km ata 150 Km: 4 horas.
- Máis de 150 Km: 5 horas.

Excepcionalmente, en función da orografía galega e da infraestrutura viaria na que se atopen os centros nos que se itenera, ou cando a distancia a percorrer supere os 200 Km, as Xuntas de Persoal poderán establecer, ademais, unha compensación horaria de ata dúas horas de horario lectivo.

A xornada lectiva do profesorado que desempeñe postos de carácter itinerante comezará na localidade que corresponda, en función do horario establecido.

Como norma xeral, non debe atender máis de tres centros diariamente.

### 3. C A R A C T E R Í S T I C A S D O S P O S T O S D E T R A B A L L O I T I N E R A N T E S .

Serán de aceptación voluntaria.

A distancia entre o centro de destino e os centros aos que o profesorado se ten que desprazar non superará, con carácter xeral, os 35 Km. En casos excepcionais, poderán sobrepasarse co acordo da correspondente Xunta de Persoal.

### 4. T I T O R Í A S .

Non se asignarán titorías ao profesorado que desempeñe postos de traballo itinerantes mentres o resto do profesorado, exceptuando o equipo directivo, non as teña adxudicadas.

### 5. P E R Í O D O S D E R E C R E O .

Sempre que sexa posible, dentro da organización dos centros, os períodos de recreo non se utilizarán para itenerar.

O profesorado itinerante deberá atender como o resto do profesorado aos alumnos no período de recreo.

### 6. D E S P R A Z A M E N T O S E C O M P E N S A C I Ó N E C O N Ó M I C A .

Terá dereito a percibir os custos de locomoción dos desprazamentos.

O pago dos desprazamentos será efectuado polos centros educativos, con cargo aos custos de funcionamento, como

máis tarde, no mes seguinte a producirse os desprazamentos, sendo a Consellería de Educación a que indique aos centros educativos a contía que, dentro da contía global de gastos de funcionamento, vai asignada ao pagamento dos desprazamentos do profesorado itinerante.

### 7. T R A N S F O R M A C I Ó N D U N H A P R A Z A I T I N E R A N T E .

A transformación dunha praza ordinaria en praza de itinerante, ou o incremento nun cincuenta por cento ou máis da itinerancia, dará dereito ao persoal titular da mesma a pasar á situación de suprimido/a ou a permanecer con destino definitivo na praza.

### 8. P R O T E C C I Ó N D A S A Ú D E E P R E V E N C I Ó N D E R I S C O S L A B O R A I S .

Considéranse accidentes “in itinere” aqueles que se produzan nos traxectos dos desprazamentos por razón do servizo, informados como tales, polos órganos competentes.

Profesoras en período de xestación poderán deixar de itenerar a partir do quinto mes de embarazo, pasando a realizar tarefas de apoio ou a outras actividades no centro base, ou no que determine a Xefatura Provincial da Consellería de Educación, nomeando un profesor/a substituto/a.

### 9. A X U D A S N O C A S O D E A C C I D E N T E .

O profesorado itinerante terá dereito ás axudas para custos por accidente de automóbil que anualmente convoca a Consellería de Educación.

### 10. S E G U R O S E C R É D I T O S .

A Consellería de Educación promoverá que as compañías de seguros de accidentes, de vida e de automóbil, lles oferten ao profesorado itinerante pólizas máis favorables que as existentes no mercado; así mesmo negociará con entidades crediticias, créditos brandos para a adquisición de vehículos, en condicións tamén máis favorables que as existentes no mercado.





# PROFESORADO DE RELIXIÓN



## RECOÑECEMENTO DE SERVIZOS PREVIOS

**A) TRIENIOS:** Tres anos de servizo activo (non hai límite).

### PROCEDEMENTO:

1.- Servizos prestados exclusivamente na Consellería de Cultura, Educación e Universidades - Recoñecemento de oficio.

2.- Servizos a maiores noutras Administracións Públicas:

2.1. A Administración Pública expedirá o Anexo I.

2.2. Posteriormente deberán cubrir o Anexo II.

### RETRIBUCIÓN (ANO 2021):

CORPO DE MESTRES/AS: 38,12 EUROS

CORPO DE PES: 46,74 EUROS.

### B) SEXENIOS

O Acordo de Sexenios data do ano 1991 e foi firmado exclusivamente por ANPE.

### REQUISITOS BÁSICOS:

1. Permanencia durante períodos de 6 anos como persoal laboral docente, ata un máximo de 30 anos de servizos.

2. Acreditar 100 horas como mínimo en participación en actividades formativas.

Ademais dos cursos hai outros estudos e actividades que computan como horas para Sexenios, podes consultalo no enlace á **ORDE do 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia** (DOG 22/05/2013).

3. Os sexenios son recoñecidos de oficio pola Administración sempre e cando as 100 horas de formación estean recoñecidas en [fprofe](#). No caso de que sexan horas de actividades organizadas polo Ministerio de Educación ou Universidades Públicas, deberán ser recoñecidas pola Xefatura Territorial correspondente, mediante solicitude xenérica e adxuntando copia dos certificados.

4. Ditos períodos perfeccionaranse a efectos administrativos o mesmo día en que cada traballador complete os correspondentes 6 anos. Os efectos económicos do período perfeccionado seranlle recoñecidos no mes seguinte ao que o completou.

### RETRIBUCIÓN (ANO 2021)


PRIMEIRO SEXENIO 64,84 €

DOUS SEXENIOS 148,20 €

TRES SEXENIOS 259,37 €

CATRO SEXENIOS 416,83 €

CINCO SEXENIOS 463,13 €



## PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS

### PERMISOS

Falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar.	1.º grao: mesma localidade 3 días hábiles; distinta 5 días. 2.º grao: mesma localidade 2 días hábiles; distinta 4 días. Considéranse inhábiles sábados, domingos e festivos.	<b>DIR</b>
Traslado de domicilio.	1 membro: mesma localidade 1 día natural, distinta 2 días. 2 ou máis: mesma localidade 2 días naturais; distinta 4 días.	<b>DIR</b>
Permiso para realizar funcións sindicais.	Nos termos legalmente establecidos.	<b>X.T.</b>
Para asistir a exames finais e demais probas definitivas de aptitude.	Permiso durante os días da súa realización e tempo necesario para viaxes de ida e volta.	<b>DIR</b>
Permiso por lactación.	1 hora de ausencia ao traballo por ter un fillo menor de 12 meses ou pódese acumular ao permiso por nacemento de cada proxenitor: 4 semanas.	<b>X.T.</b>
Por nacemento de fillos que deban permanecer hospitalizados.	Máximo dúas horas diarias con percepción íntegra de retribucións.	<b>X.T.</b>
Para realizar exames prenatais e técnicas de preparación ao parto.	Tempo necesario para a súa práctica. Beneficiarios: a funcionaria embarazada e o cónxuxe ou parella.	<b>DIR</b>
Para realizar tratamentos de fecundación asistida.	Tempo necesario para a súa práctica (2 días hábiles se hai desprazamento). Beneficiarios: a funcionaria embarazada e o cónxuxe ou parella.	<b>DIR</b>
Por matrimonio ou unión de feito.	15 días naturais ininterrompidos. Debe comprender a data do día de celebración.	<b>X.T.</b>
Permiso por matrimonio de familiares.	O día da celebración de matrimonio ou unión de feito de familiares de ata segundo grao de consanguinidade e primeiro de afinidade.	<b>DIR</b>
Por accidente ou enfermidades moi graves.	Máximo 30 días naturais.	<b>X.T.</b>
Para o cumprimento de deberes inescusables de carácter público ou persoal, de deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral e máis de asistencia a consultas e revisións médicas.	Tempo indispensable para o cumprimento dos deberes que o xustifican. Este permiso inclúe o permiso de ausencia por enfermidades leves non superiores a tres días con xustificación documental.	<b>X.T. (Art. 14.6a) DIR</b>
Por asuntos particulares.	Ata 4 días no curso. Dous poden ser lectivos.	<b>DIR</b>

Para a formación militar dos reservistas voluntarios ou dos aspirantes a tal condición.	O tempo necesario para a realización dos periodos de formación militar.	<b>X.T.</b>
Permiso por nacemento de nai biolóxica.	22 semanas (6 primeiras semanas obrigatorias).	<b>X.T.</b>
Permiso por adopción ou acollemento.	22 semanas (6 primeiras semanas obrigatorias).	<b>X.T.</b>
Permiso retibuído para funcionarias e laborais en estado de xestación.	A partir do 1.º día da semana 37 de embarazo ou da 35 no caso de xestación múltiple.	<b>X.T.</b>
Permiso do outro proxenitor ou familias monoparentais por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo.	16 semanas (6 primeiras semanas obrigatorias).	<b>X.T.</b>
Permiso por razón de violencia de xénero sobre a muller funcionaria.	Faltas xustificadas polo tempo e nas condicións que así o determinen os Servizos Sociais.	<b>X.T.</b>
Para asistencia a actividades de formación do profesorado.	Poderá asistir en horario lectivo con autorización. Ata un máximo de 4 días lectivos.	<b>DIR</b>

## LICENZAS

Licenza por asuntos propios.	Máximo 3 meses cada 2 anos (días naturais). Non inferior a 5 días naturais.	<b>X.T.</b>
Licenza por enfermidade.	Segundo o réxime da Seguridade Social ao que pertenza o funcionario.	<b>X.T.</b>
Licenza por risco no embarazo ou durante o período de lactación natural	Durante o período de tempo necesario para a protección da súa saúde e a do feto.	<b>X.T.</b>
Licenza por estudos.	Segundo a normativa vixente.	<b>X.T.</b>
Licenza para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria.	Período non superior a 6 meses. Subordinado ás necesidades de servizo.	<b>X.T.</b>
Licenza para supostos de hospitalización prolongada.	Ata un mes de duración. Sen retribución.	<b>X.T.</b>

## REDUCIÓNS DE XORNADA CON RETRIBUCIÓNS

Por coidado dun familiar.	Redución de ata o 50 % da xornada polo prazo máximo dun mes (prorrogable en circunstancias excepcionais ata dous meses).	<b>X.T.</b>
Para atender ao coidado de fillo menor que padeza cancro.	Redución de polo menos o 50 % da xornada laboral ata que cumpra 18 anos.	<b>X.T.</b>

Para adaptación progresiva da xornada laboral para tratamentos oncolóxicos.

50% da xornada. Ata un mes ampliable a un mes máis.


**X.T.**

## REDUCIÓNS DE XORNADA CON DIMINUCCIÓN DAS RETRIBUCIÓNS

Por violencia de xénero.	Dereito a redución de xornada con diminución proporcional das retribucións ou reordenación do tempo de traballo en función da organización do centro e do horario do alumnado.	<b>X.T.</b>
Por garda legal.	Cando o persoal funcionario docente se encargue do coidado directo dalgún menor de 12 anos, persoa maior que requira especial dedicación ou persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída poderá reducir 1/3 ou 1/2 de xornada de traballo, con diminución proporcional de retribucións.	<b>X.T.</b>
Por interese particular.	Dereito a unha redución de 1/2 de xornada de traballo por interese particular coa diminución proporcional das retribucións.	<b>X.T.</b>

## IMPREVISTOS

Imprevisto.	No caso de imprevistos, indisposicións ou enfermidades leves non superiores a tres días, a dirección do centro poderá aceptar as xustificacións non documentais ata un máximo de 24 periodos lectivos por curso.	<b>DIR</b>
-------------	--	------------



**X.T.:** Competencia Xefe Territorial

**DIR:** Competencia Director



# PROFESORADO DE RELIXIÓN



## COMISIÓNS DE SERVIZO POR MOTIVOS DE SAÚDE (Orde 28/02/2020)

### 1. SOLICITANTES

- Persoal laboral docente indefinido.
- Persoal laboral docente temporal.

### 2. FINALIDADE

a) Profesores afectados por situacións que impliquen unha diminución notoria das facultades físicas, mentais ou sensoriais.

b) Razóns de enfermidade grave do cónxuxe, parella de feito ou familiar dun primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

### 3. REQUISITOS

- Ter un destino nunha localidade a unha distancia superior a 50 km da cidade de residencia (non será esixible en centros de réxime de xornada partida).

- Dous ou máis profesores relacionados coa familia non poden gozar dunha asignación temporal polo mesmo motivo e un deles debe renunciar, se é o caso.

### 4. DURACIÓN

Un curso académico e, en xeral, non se poderán conceder máis doutros dous cursos, sexan continuados ou interrompidos, pola mesma circunstancia.

### 5. SOLICITUDES

- Dirixiranse á xefatura territorial, cubrindo a solicitude da páxina <http://www.edu.xunta.es/cadp> e deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

- Solicitude a centros e / ou localidades. As persoas interesadas deberán solicitar primeiro o centro ou centros da localidade ou localidades que estean nun radio de 20 km desde o lugar da súa residencia.

### 6. DOCUMENTACIÓN (PRESENTACIÓN TELEMÁTICA)

- Anexo I (emitido no ano de presentación da solicitude).
- Informe actualizado do persoal médico de atención primaria e/ou especialista que acredite a/s presunta/s enfermidade(s).
- Copia da resolución administrativa de recoñecemento do grao de discapacidade do profesorado solicitante cando non foi emitida pola Xunta de Galicia.

No caso de solicitude de comisión de servizos por motivos de saúde dun familiar, tamén se facilitará o seguinte:

a) Certificación literal ou copia do libro de familia actualizado.

b) Certificado de empadronamento e convivencia.

c) Copia da resolución administrativa de recoñecemento dun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% do cónxuxe, parella de feito ou parente do primeiro/segundo grao de consanguinidade ou afinidade do solicitante cando non o tería emitido pola Xunta de Galicia.

d) Anexo II: verificación de datos de terceiros interesados.

(Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados con anterioridade, sempre que non se modifiquen as circunstancias, agás os informes médicos, que deben actualizarse).

### 7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Dez días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

· Se o CXT é estatal e se resolve por corpos en datas diferentes, o prazo será de dez días hábiles contados a partir da publicación da resolución do último concurso de traslados no DOG.

· Se non se convoca CXT, o prazo será do 15 ao 30 de abril.

### 8. NOTIFICACIÓNS

Por medios electrónicos.

### 9. RESOLUCIÓN PROVISIONAL

Publicación na páxina web: [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

### 10. RECLAMACIÓNS

Cinco días hábiles a partir do día seguinte ao da súa publicación na web.

### 11. RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Publicación na páxina web: [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

Recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación.

### 12. PRIORIDADE

- Comisión de servizos por motivos de saúde do propio docente.
- Comisión de servizos por motivos de saúde dun familiar a cargo.

(As comisións de saúde teñen prioridade sobre as de conciliación da vida familiar e laboral).



# PROFESORADO DE RELIXIÓN



## COMISIONS DE SERVIZO POR CONCILIACIÓN (Orde 15/04/2019)

### 1. SOLICITANTES:

- Persoal docente dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidades, en activo ou en excedencia.

### 2. REQUISITOS

#### a) IDADE DOS FILLOS

TIPO I: Un fillo/a menor de 4 anos ou de 8 no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora.

TIPO II: Dous fillos/as menores de 6 anos ou de 10 no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora. Un fillo/a menor de 6 anos se ten recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

TIPO III: Tres ou máis fillos/as menores de 12 anos ou de 16 no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora. Dous fillos/as menores de 12 anos se un deles ten recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

A idade dos fillos ou fillas compútase o **31 de decembro do ano inmediatamente anterior a aquel no que se efectúa a solicitude**. Poderase solicitar comisión nos casos de **embarazo** a termo con anterioridade ao mes de **marzo** do ano seguinte ao da solicitude. Nas **adopcións** ou acollementos a idade cóntase desde a resolución xudicial ou administrativa.

#### b) DISTANCIA

Ter o centro de destino a **60Km** ou máis da **residencia** só no caso de profesorado con destino **definitivo**. Este requisito non se exige a quen preste servizos en EEI, CEIP, CRA, CEE e CPI con xornada partida.

- Hai que solicitar en primeiro lugar o centro ou centros da localidade ou localidades que se atopen nun **radio de 20 Km da residencia**, agás centros ordinarios que imparten ensinanzas de adultos e calquera centro que imparta ensinanzas en xornada partida. Poden solicitarse tamén prazas noutros centros e localidades, sendo preceptivo priorizar aquelas situadas nun radio de 20 Km da localidade de residencia.

**c) PARTICIPAR NO CONCURSO DE TRASLADOS** e solicitar a localidade ou localidades en que se solicita comisión de servizos.

**d)** Só un dos cónxuxes poderá solicitar comisión, agás no caso de **CUSTODIAS COMPARTIDAS** por sentenza xudicial no que ambos proxenitores poderán solicitar a comisión.

### 3. SOLICITUDES:

- Mediante a aplicación informática de **CADP**.  
- Obrigatoriamente na **sede electrónica**.  
- **Dobre instancia**: o persoal docente que ten a obriga de participar na petición ordinaria de destinos provisionais (profesorado suprimido ou desprazado, en expectativa, en prácticas e persoal interino) terá que facer **dúas solicitudes: a de comisión de conciliación e a ordinaria (CADP)**. No caso de que non se obteña destino por conciliación (por non existir vacante nas prazas que se solicitan) adxudicárase destino pola solicitude ordinaria.

### 4. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

**Dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación no DOG da resolución do CXT.

Observacións:

· Se o CXT é de ámbito estatal, o prazo dos 10 días hábiles contarase desde a publicación no DOG do último concurso.

· Se algún ano non hai CXT, o prazo será do 15 ao 30 de abril.

· O persoal que supere o proceso selectivo terá un prazo de **2 días hábiles** desde a publicación da relación de persoas aprobadas polo tribunal correspondente.

### 5. DOCUMENTACIÓN

(Só se presenta a primeira vez e cando se produzan cambios).

a) Informe médico coa data probábel de parto cando exista embarazo a termo final con anterioridade ao mes de marzo do ano seguinte (indicando se é simple, duplo ou triplo).

b) Certificación literal de nacemento ou copia do libro de familia.

c) Copia da sentenza xudicial en caso de custodia compartida.

d) Copia da resolución xudicial en caso de adopción ou acollemento.

e) Copia da resolución administrativa de recoñecemento dun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % dos fillos/as menores de doce anos.

### 6. RESOLUCIÓN PROVISIONAL

Publicación na páxina web [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

### 7. RECLAMACIÓN.

Cinco días hábiles desde o día seguinte ao da publicación na web.

### 8. RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Publicación na páxina web: [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

Recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación.

### 9. PRIORIDADE

A prioridade na adxudicación ven determinada polo número de fillos e fillas (Tipos III, II e I) e dentro destes grupos polos seguintes criterios:

a) Por ser un único proxenitor ou proxenitora.

b) Pola antigüidade como persoal funcionario no corpo.

c) Antigüidade no centro.



# PROFESORADO DE RELIXIÓN



## CXT PROFESORADO DE RELIXIÓN

### 1. PARTICIPANTES

#### 1.1 Participación forzosa no concurso de traslados

Profesorado de Relixión con contrato laboral indefinido que estea prestando servizos no momento da convocatoria e non teña unha praza asignada con destino definitivo na relación de postos de traballo do profesorado de Relixión aprobada pola Orde do 12 de xuño de 2020.

Este profesorado estará obrigado a solicitar todas as prazas vacantes ou de posibles resultas nun radio de 25 km desde o que foi o seu centro base de referencia ao centro base dos novos postos de traballo publicado pola Orde do 12 de xuño de 2020.

#### 1.2 Participación voluntaria

##### 1.2.1 Persoal laboral indefinido de Relixión

Poderá participar voluntariamente no presente concurso:

a) O profesorado de Relixión con contrato laboral indefinido, en situación de servizo activo ou de excedencia por coidado de fillas/os e familiares, ou de excedencia forzosa, que preste servizos en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidades.

b) O profesorado de Relixión con contrato laboral indefinido en situación de excedencia.

##### 1.2.2 Persoal laboral temporal de Relixión

Poderán participar no presente concurso de traslados o profesorado de Relixión con contrato laboral temporal, que preste ou prestase servizos en centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e se manteña nas listas de persoal laboral temporal de profesorado de Relixión. Para estes efectos, enténdese que prestaron servizos todas aquelas persoas que, correspondéndolles unha interinidade ou substitución, non tomaron posesión dela por unha das causas previstas na Resolución do 28 de xuño de 2017, ou o profesorado de Relixión do nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato que no seu día foi excluído delas por ser persoal laboral indefinido de Relixión no nivel educativo de educación infantil e primaria.

### 2. REQUISITO DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

O profesorado de Relixión terá que acreditar a capacitación en lingua galega, debendo estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 4), ter superado o curso de perfeccionamento de lingua galega, ter a validación correspondente ou telo superado a través de

proba libre ou ter o nivel avanzado de galego da escola oficial de idiomas.

### 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

([www.edu.xunta.es/cxt](http://www.edu.xunta.es/cxt))

- Telemática
- Presencial (a través dos rexistros ou da secretaría do centro).

### 4. PRAZO DE SOLICITUDES

15 días hábiles a partires do día seguinte a súa publicación no DOG.

### 5. DEREITO PREFERENTE

Persoal laboral indefinido de Relixión que non obtén destino definitivo na Orde do 12/06/2020.

O dereito preferente será voluntario a todas as localidades incluídas na súa última plaza definitiva e extendendo a aquelas que se atopen nun radio de 10 km.

### 6. RESOLUCIÓN PROVISIONAL

Publicación na web: [www.edu.xunta.es/gal](http://www.edu.xunta.es/gal)

### 7. RECLAMACIÓNS

Prazo: Dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da adxudicación de destinos provisionais na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidades.

### 8. RENUNCIAS

A renuncia afecta a todas as peticións consignadas na súa solicitude de participación.

As persoas que desexen renunciar a súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtiveran destino na resolución provisional, xa que, de non facelo, poderán obter destino na resolución definitiva.

### 9. RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Publicación no DOG e na web: [www.edu.xunta.es/](http://www.edu.xunta.es/)

As prazas son irrenunciabes.

### 10. RECURSOS

Contra a resolución definitiva, o persoal interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes.

## 11. BAREMO PARA O CONCURSO DE TRASLADOS RELIXIÓN 2020/2021

	PUNTOS
<b>1. EXPERIENCIA DOCENTE</b>	
1.1 Por cada ano de experiencia docente na materia de Relixión, no mesmo nivel educativo en centros públicos. Por cada ano A fracción do ano computarase por cada mes completo a	2 0,1666
1.2 Por cada ano de experiencia docente na materia de Relixión, en distinto nivel educativo en centros públicos. Por cada ano A fracción do ano computarase por cada mes completo a	1,5 0,1250
1.3 Por cada ano de experiencia docente na materia de Relixión, noutros centros educativos. Por cada ano A fracción do ano computarase por cada mes completo a	0,2500 0,0208
<b>2. FORMACIÓN ACADÉMICA (máximo 10 puntos)</b>	
2.1 Doutorados, posgraos e premios extraordinarios	
2.1.1 Título de doutor na materia de Relixión	5
2.1.2 Outro título de doutor	4
2.1.3 Máster	3
2.1.4 DEA / Suficiencia investigadora	2
2.1.5 Premio extraordinario: Doutorado, licenciatura, Grao	1
2.2 Outras titulacións universitarias	
2.2.1 Título de Grao	5
2.3 Titulacións de primeiro ciclo	
2.3.1 Segundas e restantes diplomaturas en materia de Relixión	3,5
2.3.2 Diplomaturas, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou outras equivalentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría	3
2.4 Titulacións de segundo ciclo	
2.4.1 Licenciatura en materia de Relixión	3,5
2.4.2 Segundo ciclo doutras licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas...	1
2.5 Titulacións de ensinanzas de Réxime Especial e da FP Específica	
a) Por cada Certificación de nivel C2	4
b) Por cada Certificación de nivel C1	3
c) Por cada Certificación de nivel B2	2
d) Por cada Certificación de nivel B1	1
e) Por cada título de Téc.Sup. de Artes Plásticas e Deseño, Téc.Deportivo Sup. Ou Téc. Sup.de FP ou equivalentes	2
f) Por cada título Profesional de Música/Danza	1,5
<b>3. DESEMPEÑO DE CARGOS DIRECTIVOS E OUTRAS FUNCIÓNS (máximo 10 pts)</b>	
3.1 Vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos, secretario/a en centros públicos docentes. Por cada ano A fracción do ano computarase por cada mes completo a	2,5 0,2083
3.2 Outras funcións docentes (coordinacións, titorías, xefaturas de departamento...) Por cada ano A fracción de ano computarase por mes completo a	ata 5 1 0,08333
<b>4. FORMACIÓN E PERFECCIONAMIENTO (máximo 10 pts)</b>	
4.1 Cursos/actividades de formación superados ou impartidos relacionados coa ensinanza relixiosa e homologados polas administracións educativas e organizados por entidades relixiosas 10 horas de cursos superados 3 horas de cursos impartidos	máximo 5 0,2 0,2
4.2 Cursos/actividades de formación superados ou impartidos organizados polas administracións educativas, por institucións sen ánimo de lucro, universidades ou entidades eclesiásticas non incluídos no apartado anterior 10 horas de cursos superados 3 horas de cursos impartidos	máximo 5 0,1 0,1
5. Por non ter destino na relación de postos de traballo publicada pola Orde do 12 de xuño de 2020	15

## XUBILACIÓNS

### 1. XUBILACIÓN ORDINARIA

Desde os 65 anos cando se acrediten 38 anos e 6 meses cotizados ata os 67 anos segundo o período transitorio de aplicación paulatina ata o 2027.

AÑO	Periodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 3 meses	65 anos e 2 meses
2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos e 4 meses
2024	38 anos ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos	66 anos e 6 meses
2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses
2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses
A partir de 2027	38 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 6 meses	67 anos

PERIODO	COTIZACIÓNS	% APLICABLE
2020 a 2022	Primeiros 15 anos	50%
	Mes adicional do 1 ao 106	0,21%
	Mes adicional 146 restantes	0,19%
	Total: 36 anos	100%
2023 a 2026	Primeiros 15 anos	50%
	Mes adicional do 1 ao 49	0,21%
	Mes adicional 209 restantes	0,19%
	Total: 36,5 anos	100%
A partir de 2027	Primeiros 15 anos	50%
	Mes adicional do 1 ao 249	0,19%
	Mes adicional 15 restantes	0,18%
	Total: 37 anos	100%

**Período de carencia:** mínimo de 15 anos cotizados, dos que a lo menos dous deben estar incluídos nos 15 anos anteriores ao momento de causar dereito.

**Situación laboral:** Alta ou asimilada á alta.

**Cálculo da pensión:** a contía da pensión depende do importe das cotizacións (base reguladora) do traballador e da porcentaxe que se lle aplica en función dos anos cotizados.

**Base reguladora:** para o ano 2021 considéranse os últimos 24 anos, a partir do 2022 serán 25, polo que o cálculo da base reguladora para estes períodos será:

BR2021=Bases de cotización dos últimos meses/336

BR2022 e seguintes=Bases de cotización dos últimos 300 meses/350

As bases de cotización dos 24 meses inmediatamente anteriores ao mes previo á xubilación tómanse polo seu valor nominal. As restantes actualízanse de acordo ao IPC.

**Porcentaxe aplicable á base reguladora:** está en función do número de meses cotizados.

**Trámites:** Solicitude ante os centros de atención e información da Seguridade Social do Instituto Nacional de Seguridade Social (INSS), dentro dos tres meses anteriores ou posteriores ao cese (xubilación).

### 2. XUBILACIÓN ANTICIPADA VOLUNTARIA

**Idade:** idade real 2 anos como máximo inferior á ordinaria.

**Período de carencia:** 35 de cotización efectiva, 2 nos últimos 15 anos inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito.

**Situación laboral:** Alta ou asimilada á alta

**Observacións:**

ANOS COTIZADOS	COEFICIENTE REDUTOR POR CADA TRIMESTRE DE ANTICIPO
Menos de 38 anos e 6 meses	2% (equivale ao 8% anual)
Entre 38 anos e 6 meses e menos de 41 anos e 6 meses	1,875% (equivale ao 7,5% anual)
Entre 41 anos e 6 meses e menos de 44 anos e 6 meses	1,75% (equivale ao 7% anual)
44 anos e 6 meses ou máis	1,625% (equivale ao 6,5% anual)

**Pensión máxima:** A contía non pode ser superior á que resultaría de reducir a pensión máxima nun 0,5% por cada trimestre de anticipo (equivale ao 2% anual)

### 3. XUBILACIÓN ANTICIPADA INVOLUNTARIA

**Idade:** idade real 4 anos como máximo inferior á ordinaria.

**Período de carencia:** 33 de cotización efectiva, 2 nos últimos 15 anos inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito.

**Situación laboral:** atoparse inscritos como demandantes de emprego 6 meses antes da solicitude de xubilación.

**Observacións:** Que o cese no traballo se producira como consecuencia dunha situación de reestruturación empresarial que impida a continuidade da relación laboral ou a consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.

**Pensión máxima:** A contía non pode ser superior á que resultaría de reducir a pensión máxima nun 0,5% por cada trimestre de anticipo (equivale ao 2% anual).

## Coefficientes reductores da pensión

ANOS COTIZADOS	COEFICIENTE REDUTOR POR CADA TRIMESTRE DE ANTCIPIO
Menos de 38 anos e 6 meses	1,875% (equivale ao 7,5% anual)
Entre 38 anos e 6 meses e menos de 41 anos e 6 meses	1,75% (equivale ao 7% anual)
Entre 41 anos e 6 meses e menos de 44 anos e 6 meses	1,625% (equivale ao 6,5% anual)
44 anos e 6 meses ou máis	1,5% (equivale ao 6% anual)

## 4. XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE

### Tipoloxía:

- **Incapacidade Parcial:** incapacita para a profesión habitual, sen acadar o grao de total e que ocasiona ao traballador/a unha diminución non inferior ao 33% no seu rendemento normal para a profesión.

- **Incapacidade Total:** incapacita para todas ou as fundamentais tarefas da profesión. Non impide a dedicación a outra profesión distinta.

- **Incapacidade Absoluta:** incapacita para todo tipo de traballo, profesión ou oficio.

- **Gran invalidez:** requírese a asistencia doutra persoa para as tarefas máis esenciais.

**Requisitos:** Informe emitido preceptivamente polo EVI (Equipo de Valoración de Incapacidade).

### Cálculo da pensión:

#### Base reguladora:

BR=bases cotización dos últimos 96 meses anteriores ao mes previo do feito causante/112.

Ao resultado obtido **aplicáselle a porcentaxe que corresponda en función dos anos de cotización** considerándose a tal efecto como cotizados os anos que lle resten ao interesado, na data do feito causante, para cumprir a idade de 65 anos. No caso de non alcanzarse **15 anos de cotización**, a porcentaxe aplicable será do 50%.

- **Incapacidade Total:** 55% da BR. Pode incrementarse nun 20% máis para os maiores de 55 anos.

- **Incapacidade Absoluta:** 100% da BR

- **Gran invalidez:** 100% da BR incrementado nun 50%

- **Periodo mínimo de cotización, con 26 anos de idade cumpridos,** o periodo de cotización é a cuarta parte do tempo transcorrido entre a data na que cumpriu 20 anos e a do feito causante, cun mínimo de 5 anos.

**Outras consideracións:** A pensión de incapacidade permanente convértese en pensión de xubilación ao cumprir a idade esixida para esta.

IDADE	PERIODO DE COTIZACIÓN
26 a 40 anos	5 anos
44 anos	6 anos
48 anos	7 anos
52 anos	8 anos
56 anos	9 anos
60 anos	10 anos
64 anos	11 anos

## BENEFICIOS E COMPLEMENTOS

**Complemento para a redución da fenda de xénero:** Substitúe ao antigo complemento por maternidade. Supón unha cantidade fixa de 27 euros mensuais por cada fillo/a para as mulleres beneficiarias dunha pensión xeradas a partir do 4 de febreiro de 2021. Este complemento poderá superar o límite máximo das pensións públicas e quen estivese percibindo o complemento por maternidade manterao, podendo optar ao novo complemento se este último é superior ao de maternidade que viña percibindo.

**Beneficios por parto:** Recoñecemento de 112 días asimilados a cotizados por cada parto (14 días máis por cada fillo/a a maiores se o parto é múltiple) sempre que non se tivese gozado, cobrado e cotizado o periodo do permiso por parto.

**Beneficios por coidado de fillos:** Recoñecemento como periodos cotizados de ata 270 días, como consecuencia da interrupción da cotización, producida entre os nove meses anteriores ao nacemento e a finalización do sexto ano posterior a esta situación.

**Xubilación posterior á idade ordinaria:** Recoñécese unha porcentaxe adicional por cada ano completo cotizado entre a data que cumpriu dita idade e a da xubilación, cuxa contía estará en función dos anos de cotización acreditados na primeira data indicada, en base á seguinte escala:

- Ata 25 anos cotizados: 2%
- Entre 25 e 37 anos cotizados: 2,75%
- Máis de 37 anos cotizados: 4%



DELEGADOS RELIXIÓN 2019 OURENSE					
93,10%	ANPE	CCOO	UGT	SIPPREGA	
DELEG. TOTAL	3	0	1	1	
%VOTOS	58,75%	6,25%	11,25%	23,75%	

# Logros de ANPE

- ⇒ Constitución de Comités de Empresa específicos do noso colectivo.
- ⇒ Elaboración de listaxes atendendo aos principios de igualdade, mérito e capacidade como no resto de especialidades.
- ⇒ Recoñecemento da experiencia docente a efectos do baremo para o acceso á Función Pública.
- ⇒ Equiparación do profesorado de Relixión, en canto a condicións de traballo, ao resto dos docentes, sen exclusión de acceso aos cargos directivos.
- ⇒ Sentenza favorable a desempeñar cargos de Vicedirector-a, Secretario-a e Xefe de Estudos.
- ⇒ Retribución do verán para todos os profesores de Relixión que fagan substitucións de máis de 5.5 meses (suspendida temporalmente).
- ⇒ Contratos indefinidos.
- ⇒ Acordo de itinerancias.
- ⇒ Equiparación aos funcionarios interinos.
- ⇒ Sentenza favorable do Tribunal Supremo sobre titorías e Xefaturas de Departamento.
- ⇒ Éxito da nosa Asesoría Xurídica nas cotizacións dos profesores de Relixión con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999.
- ⇒ Éxito dos efectos dos cobros dos trienios anteriores ao Estatuto Básico do Emprego Público (EBEP).
- ⇒ Recuperación de parte de pagas extras, xa cobradas, dos anos 2012 e 2013.
- ⇒ Acadamos o cambio da nómina do Código 410 (duración determinada tempo concreto) ao código 100 actual (indefinido tempo concreto).
- ⇒ Posibilidade de mobilidade por Concurso de Traslados.
- ⇒ Logro do cobro de sexenios atrasados e intereses xerados.
- ⇒ Autorización de permutas entre colectivos.
- ⇒ Xubilacións anticipadas e prexubilacións.
- ⇒ Redución da xornada por interese particular coa correspondente redución proporcional do soldo.
- ⇒ Remoción do contrato suxeita a dereito.
- ⇒ Licenzas e Permisos igual que o resto de funcionarios docentes.

